



Resumo da programación didáctica para o alumnado e as familias.

Criterios de cualificación e condicións de superación de cada materia.

As principais normas básicas a seguir na avaliación da ESO son as que a continuación se sinalan:

Cada trimestre, e dependendo da materia abordada, terán lugar o número de probas escritas que a profesora considere máis conveniente (como mínimo dúas). Estas probas serven para ver se o alumnado alcanza os estándares de aprendizaxe expostos nas táboas da programación.

En cada proba figurará a puntuación que se lle vai dar a cada pregunta.

A puntuación máxima outorgada en cada proba será de 10 puntos.

Todas as probas escritas que realicen os/as alumnos/as deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser presentadas a tinta de bolígrafo azul ou negra, e nunca con lapis.
- Os distintos exercicios de que consten deberán ser desenvolto na súa totalidade nos folios da proba.
- Se un exercicio está resolto varias veces e con resultados ou respostas distintas, sen que o/a alumno/a teña tachados os que el considere que son incorrectos, non se cualificará.
- No caso de detectar una actitude fraudulenta (falar cando non se debe, utilizar materiais non autorizados, copiar respostas das probas de outros compañeiros ou compañeiras...) por parte de algún alumno/a nunha determinada proba escrita, a calificación en dita proba será de 0.

Na cualificación global nun trimestre teranse en conta os seguintes elementos:



1º.- A cualificación numérica obtida da media ponderada dos exames de avaliación. Será necesario que o alumno acade unha cualificación mínima dun 4 en cada unha das probas de cada trimestre para facer media e poder acadar unha avaliación positiva. No caso de que un alumno non acade un 4 nalgunha proba a profesora poderá considerar a posibilidade de realizar unha proba ou un traballo de recuperación antes da avaliación para poder acadar unha avaliación positiva.

2º.- A realización daquelas actividades puntualmente establecidas para a casa, as encomendadas en períodos vacacionais, a colaboración no desenvolvemento das clases, a participación do/a alumno/a na aula. Tamén se poderá valorar o traballo realizado polo alumno no seu caderno, ben por observación directa por parte do profesor ou mediante unha proba que permita avaliar a utilidade do mesmo.

A obtención da cualificación da avaliación realizarase de acordo co establecido no seguinte esquema:

Tecnoloxía e Dixitaliación 1º ESO:

CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS: 30%

CUALIFICACIÓN CADERNO: 5%

PRÁCTICAS E TRABALLOS REALIZADOS: 60%

CUALIFICACIÓN OUTRAS ACTIVIDADES (Observación do traballo diario na aula e participación no desenvolvemento das clases): 5%

Tecnoloxía 2º ESO:

CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS: 45%

CUALIFICACIÓN CADERNO: 5%

PRÁCTICAS E TRABALLOS REALIZADOS: 45%

CUALIFICACIÓN OUTRAS ACTIVIDADES (Observación do traballo diario na aula e participación no desenvolvemento das clases):5%

Educación Dixital 3º ESO:

CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS: 30%

CUALIFICACIÓN CADERNO 5%

PRÁCTICAS E TRABALLOS REALIZADOS: 60%



CUALIFICACIÓN OUTRAS ACTIVIDADES (Observación do traballo diario na aula e participación no desenvolvemento das clases) 5%

Tecnoloxía 4º ESO:

CUALIFICACIÓN NAS PROBAS ESCRITAS : 45%

CUALIFICACIÓN CADERNO 5%

PRÁCTICAS E TRABALLOS REALIZADOS: 45%

CUALIFICACIÓN OUTRAS ACTIVIDADES (Observación do traballo diario na aula e participación no desenvolvemento das clases) 5%

Tecnoloxías da Información e Comunicación 4º ESO:

PRÁCTICAS E TRABALLOS REALIZADOS:80%

CUALIFICACIÓN OUTRAS ACTIVIDADES (Observación do traballo diario na aula e participación no desenvolvemento das clases): 20%

Recuperacións

A finais de curso, realizarase un exame de recuperación final para aquel alumnado que aínda teña algunha avaliación suspensa. Cada alumno/a só realizará as cuestións correspondentes ás avaliacións que teña suspensas.

Cualificación na avaliación final de xuño

Considerarase que **un/una alumno/a supera a disciplina na avaliación final de Xuño (é dicir, obtén una cualificación igual ou superior a 5 puntos) no seguinte caso:**

- 1. Se ten como mínimo una cualificación de 4 puntos en cada una das tres avaliacións e tras efectuar a media aritmética das mesmas o resultado acadado é igual ou superior a 5 puntos.**

Exame da avaliación extraordinaria de xuño

Por último, mencionar que os/as alumnos/as que non superen algunha parte da materia de Tecnoloxía, disporán doutra oportunidade presentándose a unha proba extraordinaria de recuperación, entre o 19 e o 21 de xuño (ambos incluídos) e que se rexerá polos mesmos criterios expostos para todos os exames realizados durante o curso. A cualificación obtida será a que o levarán tanto na terceira avaliación parcial como na avaliación final que se publicará na sesión de avaliación o 22 de xuño.